



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

MESTRADO EN ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA

**ESPECIALIDADE: REEDUCACIÓN FUNCIONAL, AUTONOMÍA PERSOAL E CALIDADE DE VIDA**

Curso académico 2011-2012

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**Revisión sistemática: a influencia do Método Canguro sobre a lactancia materna en neonatos de alto risco.**

**Muriel Nicoli Godón**

**Data de presentación do traballo: 4 de xuño de 2012.**

**DIRECTOR/A DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO.**

María Sobrido Prieto.

**ÍNDICE.**

	<b>Páx.</b>
1. ÍNDICE DE ACRÓNIMOS	4
2. RESUMO ESTRUCTURADO	5
3. ABSTRACT	6
4. INTRODUCCIÓN	7
5. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO.	10
6. METODOLOXÍA.	11
6.1. Criterios de inclusión e exclusión para a búsqueda bibliográfica.	11
6.2. Estratexia de búsqueda empregada.	11
6.3. Xestión da bibliografía localizada.	12
6.4. Extracción de datos e síntese da información.	12
6.5. Evaluación da calidade e clasificación dos estudos.	14
7. RESULTADOS.	15
8. DISCUSIÓNS E CONCLUSIÓNS.	26
9. AGRADECEMENTOS.	30
10. ANEXOS.	31
10. 1. ANEXO 1: ESTRATEXIA DE BÚSQUEDA.	31
10.1.1. Bases de datos especializadas en revisións sistemáticas.	31
➤ Bases de datos de ámbito xeral.	32
10.2. ANEXO 2: ANÁLISE DOS ARTIGOS OBTIDOS.	34
10.3. ANEXO 3: ESCALA OXFORD CENTRE FOR EVIDENCE-BASED MEDICINE.	40
11. BIBLIOGRAFÍA.	43

**1. ÍNDICE DE ACRÓNIMOS.**

ANC	Atención de Nais Canguro
LM	Lactancia materna
MC	Método Canguro
RNBP	Recén nado de baixo peso

## 2. RESUMO ESTRUCTURADO.

**Introducción:** Os neonatos de alto risco, tanto prematuros como de baixo peso, precisan unha serie de cuidados específicos en unidades especiais que a miúdo imposibilitan ou dificultan a lactancia materna (LM) durante este período de hospitalización. En 1978 xurdiu o Método Canguro (MC) como unha alternativa a estes cuidados tradicionais por ser máis barato e supoñer unha serie de beneficios tanto neonatais como maternos.

**Metodoloxía:** A metodoloxía de estudo empregada foi unha revisión sistemática. Fíxose unha búsqueda bibliográfica nas principais bases de datos, tanto de revisións como de artigos nacionais e internacionais. Dos artigos que cumpriron os criterios de inclusión analizáronse os seguintes ítems: tipo de estudo, tipo de recém nado, nº de participantes, tipo de país, de intervención, de LM, prevalencia e duración desta e outro tipo de resultados.

**Resultados:** Atopamos 10 estudos (6 ensaios clínicos aleatorizados e 4 estudos observacionais prospectivos) para analizar a influencia do MC tanto no inicio como na duración da LM.

**Conclusiones:** existe evidencia científica de nivel 1A e grao de recomendación A que avala unha influencia positiva tanto no aumento da prevalencia como no mantemento desta lactancia; sen embargo é recomendable a realización de máis estudos que clarifiquen diversos aspectos que non están de todo definidos nos estudos actuais, como son o tipo de MC implementado e unha clasificación da LM analizada máis clara.

### 3. ABSTRACT.

**Introduction:** The high-risk newborns, both premature and low weight, require a specific care in especial units that often unenable or hinder breastfeeding during this period of hospitalization. In 1978, emerged the Kangaroo Method as an alternative to these tradicional care to be cheaper and involves a number of benefits both neonatal and maternal.

**Methodology:** The methodology of study was a systematic review. The bibliografic search was made in the main database, revision both nacional and international articles. Of the articles that met the inclusion criteria, the following items were analyzed: type of study, type of newborn, number of participants, type of country, intervention, breastfeeding, prevalence and duration of this and other type of results.

**Results:** Found 10 studies, 6 randomized clinical trials and 4 prospective observational studies, to analyze the influence of the kangaroo method in both the beginning and the duration of breastfeeding.

**Conclusions:** we conclude that there is scientific evidence level 1A and grade of recommendation A, which guarantees a positive influence in the increase of the prevalence and maintenance of breastfeeding. However, recommended further studies to clarify various aspects that are not completely defined in the present studies.

#### 4. INTRODUCCIÓN.

Cada ano nacen no mundo aproximadamente 20 millóns de nenos que presentan baixo peso ao nacer (RNBP), ben por prematuridade ou por problemas no seu crecemento prenatal. Dos 4 millóns de mortes neonatais que se producen anualmente, os recién nados prematuros e os de baixo peso ao nacemento representan máis da quinta parte<sup>1</sup>.

Aqueles recém nados que sobreviven poden presentar certo tipo de complicacións no seu desenvolvemento, sobre todo no desenvolvemento neurolóxico (problemas de linguaxe, de atención, de mobilidade e de resposta a estímulos)<sup>2</sup>, maior morbilidadade ao nacer por asfixia perinatal, aspiración de meconio, hipotermia, hipoglucemia, etc. Todos estes problemas de saúde fan que se alargue o tempo de hospitalización, co conseguinte aumento do risco de infeccións nosocomiais<sup>3</sup>. Ademáis presentan maior risco de padecer infeccións cando son adultos xóvenes e enfermidades crónicodexenerativas ca idade<sup>4</sup>.

Todas estas complicacións e secuelas producen un aumento da estancia hospitalaria. Aínda que cada hospital ten establecido por norma os seus propios criterios de alta hospitalaria, en xeral deben estar estabilizados e ter un peso superior a 2500 gramos; depende das condicións do neonato, canto máis inmaduro sexa máis tempo estará hospitalizado<sup>5</sup>.

Este alargamento da hospitalización e o requerimento de cuidados especiais e intensivos, que xeralmente se prestan en unidades específicas, requiren de gran cantidade de recursos e tecnoloxía custosa e de personal sanitario ben formado. Polo tanto, a atención prestada a ditos recém nados convirteuse nunha gran carga para os sistemas de saúde e sociais de todo o mundo. Neste contexto xurde o chamado Método Canguro, como unha intervención alternativa en desenvolvemento e cun menor coste<sup>6</sup>.

A gran melloría da supervivencia destes neonatos que se dou co aumento das tecnoloxías e a aparición dos novedosos coidados intensivos, logrouse a costa de separar ao neonato da nai, que é o hábitat natural de todo recém nado, e de illalo en unidades específicas para o seu seguimento e coidado. Esta separación implica menor vínculo materno-filial e unha gran dificultade para o inicio da lactancia materna (LM), xa de por sí débil nestes neonatos. Desta forma, diminúen os beneficios que a LM ten sobre a nai e o fillo, entre outros: diminución da mortalidade, da morbilidade, menor custo económico, etc.<sup>(7,8)</sup>

En 1978, xurdiu un novo método da man de Edgard Rey, chamado Atención de Nais Canguro (ANC)<sup>9</sup>, que hoxe en día posee unha gran cantidade de nomes como Método Canguro, Programa Método Canguro, pel con pel, etc. Xurdiu en Colombia co motivo da escasez que había de incubadoras e a alta taxa de infeccións nosocomiais. O procedemento proposto por Rey consistía en dar de alta aos neonatos máis estables, e que no domicilio a nai sería a encargada de ser a incubadora do fillo baixo unha serie de procedementos. Estes coidados da nai consistían en colocar ao neonato no peito da nai, en contacto pel con pel e tapábase a este con gorro e manta, simulando o coidado dos marsupiais<sup>10</sup>.

Ainda que actualmente hai estudos que analizan a implementación deste método en neonatos non estables<sup>(11,12,13)</sup>, xeralmente sóese usar cando o recém nado está estable de forma respiratoria, cardiovascular, térmica e ten un bo reflexo de succión e deglución.

Existen diversas formas de implementar o método <sup>14</sup>. pode ser de forma continua (máis de 20 horas seguidas) ou intermitente (durante periodos cortos ou poucas veces ao día por un nº variable de días), tamén se pode diferenciar por inicio temprano (comeza antes das 24 horas de nacemento) e de inicio tardío (despois das 24 horas de nacemento); este método será implementado normalmente ata a semana 40 de idade xestacional ou ata que o bebé e a nai se sintan cómodos con él.

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco



Diversos estudos demostran os beneficios do MC sobre prematuros e neonatos de baixo peso<sup>(15,16,17)</sup>, ademáis de recém nados a término (que non son obxeto desta revisión). Observouse que os beneficios que aporta este método son numerosos; axuda a mellorar a calidade da relación nai-fillo xa que aumenta o vínculo maternal e unha mellor conciencia das necesidades do neonato; ademáis reduce a estancia hospitalaria e os costes en comparación co coidado tradicional de incubadoras. Tamén se demostrou que reduce o risco de mortalidade e morbilidade, sobre todo por hipotermia, sepsis e infección nosocomial, apneas, etc. Ademáis encontrouse que aumenta algúns dos parámetros de crecemento do neonato e parece haber indicios de que aumenta tamén as taxas da LM e da duración máis alá da alta hospitalaria<sup>18</sup>.

## **5. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO.**

Os recém nados prematuros e de baixo peso soen ser separados da nai nada máis nacer para ofrecerlle os cuidados pertinentes debido a súa inmadurez e situación especial; desta forma retrásase a LM e, a menudo, non soe producirse nunca, evitando desta forma os importantes beneficios que supondría o leite das nais nestes neonatos.

O MC inicia un contacto máis íntimo entre a nai e o fillo e produce diferentes beneficios na saúde do bebé inmaduro, ademáis de producir un vínculo materno-filial moito máis intenso. Aproveitando o contacto máis estreito entre a nai e o fillo con este método, preténdese determinar se é eficaz para aumentar a prevalencia e a duración da LM nos recém nados prematuros e recém nados de baixo peso.

Para iso revisaránse distintos documentos que estuden a estos recém nados onde se lles implemente este método ou se compare cos cuidados tradicionais.

## 6. METODOLOXÍA.

A revisión sistemática da literatura realizouse segundo a metodoloxía indicada no reglamento do traballo de fin de Master, aprobado na Xunta de Facultade de Ciencias da Saúde en A Coruña, o 22 de Decembro de 2010.

### 6.1. Criterios de inclusión e exclusión para a búsqueda bibliográfica.

#### ➤ *Criterios de inclusión:*

- Tipo de participantes: recén nados prematuros, moi prematuros, de baixo peso e de moi baixo peso.
- Idioma: inglés, español e portugués.
- Cobertura cronolóxica: do ano 2000 ao 2012.
- Tipo de estudo: ensaios clínicos aleatorizados, estudos de seguimento ou cohortes, estudos de casos e controis.

#### ➤ *Criterios de exclusión:*

- Tipo de participantes: recén nados a término.
- Tipo de estudo: artigos de opinión, estudos dun caso e comunicacións a congresos.

### 6.2. Estratexia de búsqueda empregada.

Co fin de localizar a literatura existente sobre este tema, realizouse a búsqueda en xaneiro de 2012.

Analizáronse dous tipos de bases de datos:

- **Bases de datos especializadas** en revisións sistemáticas (Cochrane) e outros documentos de ámbito especializado (National Guideline Clearinghouse, Joanna Briggs Institute).

- **Bases de datos de ámbito xeral**, tanto cun enfoque internacional (Medline, Cinahl e ISI WOK) como nacional (IME e Cuiden).

A estratexia de búsqueda bibliográfica foi a que aparece no ANEXO 1.

En maio deste mesmo ano levouse a cabo unha actualización da búsqueda co fin de coñecer novos estudos sobre este tema que puideran aportar algún dato novo.

### **6.3. Xestión da bibliografía localizada.**

Unha vez realizada a búsqueda en diferentes bases de datos, os resultados foron descargados nun xestor de referencias bibliográficas (Endnoteweb), co fin de eliminar tódolos duplicados existentes.

Destas referencias, analizáronse o resumo das mesmas co fin de saber si se adaptaban aos criterios definidos. Os resultados desta selección son os que aparecen no ANEXO 2.

### **6.4. Extracción de datos e síntese da información.**

A extracción de datos realizouse seguindo unha metodoloxía sistemática e en follas de extracción deseñadas especificamente para esta revisión.

Os ítems incluídos nestas follas foron os seguintes (Tabla 1):

**Tabla 1: Ítems analizados en cada estudo.**

<b>Tipo de estudo</b>	Analizamos ensaios clínicos aleatorizados, estudos de seguimento e de casos e controis por ser os que máis validez científica poseen.
<b>Tipo de recém nado</b>	Dado o obxectivo da nosa revisión, escollemos a recém nados con maiores problemas para a LM, como son os nenos prematuros e de baixo peso.
<b>Nº de participantes:</b>	Para determinar se é un tamaño da mostra adecuado.
<b>Tipo de país:</b>	Analizamos se é un país desenvolvido ou en desenvolvemento, xa que estes últimos son países cun maior interese en desenvolver o MC por ser un método de menor custo.
<b>Tipo de intervención:</b>	Analizamos se é continuo ou intermitente, para observar si existe algunha diferenza na influencia sobre a LM.
<b>Tipo de LM:</b>	Analizamos que tipo de lactancia materna é máis prevalente; o máis desexable sería só analizar a LM exclusiva pero dado que non está o suficientemente instaurada deberemos analizar tamén outro tipo de lactancia, como son a mixta (materna máis fórmula) ou a lactancia artificial (fórmula exclusivamente).
<b>Prevalencia e duración da LM</b>	Analizarase a prevalencia da lactancia materna ao alta ou ao finalizar o estudo e a duración da LM en caso de haxa un seguimento despois do alta, para observar se existe un aumento desta prevalencia e duración debido a implementación do método.
<b>Outro tipo de resultados:</b>	Outro tipo de resultados que axuden a confirmar outros beneficios deste método.

Total de referencias: 72.

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco

### **6.5. Evaluación da calidade e clasificación dos estudos.**

A calidade da evidencia científica dos estudos foi valorada según o seu deseño, seguindo unha xerarquía de maior a menor importancia dacordo coa escala Oxford Centre for Evidence-Based Medicine<sup>19</sup>, que está incluída no ANEXO 3.

## 7. RESULTADOS.

Escollemos un total de 10 artigos que cumplisen os requisitos expostos (ver apartado 6.1). Destes, 6 estudos son ensaios clínicos aleatorizados<sup>(20,24,25,26,27,28)</sup> que comparan o MC cos cuidados tradicionais recibidos nunha UCI neonatal; mentras que os catro estudos restantes son estudos observacionais prospectivos<sup>(21,22,23,29)</sup>, que describen as características dos recém nados que reciben o MC. Nalgúns realízase ademáis un seguimento despois da alta cunha duración variable según estudo<sup>(21,22,23,24,25,27,28,29)</sup>.

En canto ao tipo de MC implementado, seis estudos refírense ao método intermitente<sup>(20,21,23,24,26,27,28)</sup>, un estudo ao método continuo<sup>29</sup> e os outros dous estudos restantes non especifica que tipo de MC se levou a cabo. Mideuse tanto LM exclusiva como mixta, utilizando nun dos estudos unha escala específica para unha mellor análise da lactancia, como é a Clasificación IBS (Index of Breastfeeding Status)<sup>25</sup>.

A maioría son estudos realizados en países en desenvolvemento (Malasia<sup>20</sup>, Brasil<sup>(21,22)</sup>, India<sup>(24,26,27,28)</sup> e Colombia<sup>29</sup>), excepto dous deles que pertencen a países desenvolvidos, como son EE.UU<sup>25</sup> e Suecia<sup>23</sup>, onde se analizan a recém nados prematuros/moi prematuros<sup>(23,25)</sup>, de baixo peso/moi baixo peso<sup>(21,22,24,26,27,28,29)</sup> ou incluso a ámbolos dous tipos de recém nados no mesmo estudo<sup>21</sup>.

A parte de obter datos sobre a prevalencia e a duración da LM, obtemos tamén outros resultados que poden ser de interese para demostrar os beneficios do MC, como son parámetros de crecemento, datos de morbilidade, duración da hospitalización e aceptación materna e por parte dos profesionais sanitarios do MC.

### Análise dos artigos válidos:

**Boo NY<sup>20</sup>** compara a dous grupos de neonatos, onde a un se lle implementa o MC de curta duración e ao outro grupo os cuidados habituais dunha UCI. O obxectivo é averiguar se o MC inflúe en distintos parámetros físicos de crecemento, se favorece a LM e se diminúe o tempo de hospitalización. Ás nais de ambos grupos se lles anima a que amamenten aos seus fillos ou que no seu defecto se extraian a leite materna. Os resultados demostran que o MC non está asociado cunha LM máis exitosa, pero esta sí que está relacionada con haber recibido leite materna antes e durante o estudo. Ademais pode observarse que o MC está asociado cunha maior ganancia do perímetro cefálico e cun menor tempo de hospitalización.

<b>Boo N Y<sup>20</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Moi baixo peso.
Tipo de LM	Non especifica.
Tipo de método canguro	Intermitente, de curta duración.
Nº de participantes	128 participantes: 65 grupo MC-63 grupo cuidado tradicional.
Prevalencia LM	Non existe asociación co MC.
Mantemento LM	-
Outros resultados	O MC aumenta a ganancia semanal do perímetro cefálico e diminúe a hospitalización.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grado de recomendación</b>	A

**Cabral IE<sup>21</sup>** realizaron un estudo sobre unha mostra de 116 neonatos que se lles aplicou o MC dividido en 3 etapas: a 1ª cando permanecen na UCI, a 2ª cando permanecen na sala propia do MC e a 3ª cando son dados de alta e se lles fai un seguimento ambulatorio. O obxectivo é determinar as características dos neonatos participantes e analizar a necesidade de cuidados especiais. Con respecto á LM os resultados do estudo

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco



demonstraron que ao finalizar a 1ª etapa recibían LM un 51'7% dos neonatos, na 2ª etapa un 93% (un 46% LM exclusiva e un 47% LM mixta) e na 3ª etapa, ao mes da alta, reduciuse a porcentaxe ata un 15'1%. Isto revela que a implementación do MC promove o inicio da LM pero existen limitacións para manter esta lactancia no domicilio.

<b>Cabral IE<sup>21</sup></b>	
Tipo de estudo	Estudo observacional prospectivo.
Tipo de recém nado	Prematuros e de baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva e mixta.
Tipo de método canguro	Intermitente, de curta duración.
Nº de participantes	116 participantes.
Prevalencia LM	51'7% na 1ª etapa (UCI).
Mantemento LM	93% (46% LM exclusiva, 47% LM mixta) na 2ª etapa (sala de MC), 15'1% na 3ª etapa (seguimento ambulatorio, a 1 mes da alta).
Outros resultados	Tendencia institucional a aumentar o tempo de permanencia na 1ª e na 2ª etapa.
<b>Nivel evidencia</b>	2B
<b>Grao de recomendación</b>	B

**de Almeida H<sup>22</sup>** analizou o efecto do MC sobre a LM, mediante un estudo composto por outros dous, un antes da implementación do MC nunha unidade de maternidade e outro despois desta implementación. Determinaron as taxas de LM exclusiva nos neonatos durante un periodo de tempo onde se aplicaba os coidados tradicionais e posteriormente determinaron as mesmas variables durante un periodo de tempo onde se aplicou o MC. O obxectivo do estudo era analizar a taxa de prevalencia ás 40 semanas de xestación, aos 3 meses e aos 6 meses. Os resultados indican que o MC é un factor facilitador da LM exclusiva xa que as taxas de prevalencia son máis altas no grupo do MC, ás 40 semanas de idade xestacional: 73'9% vs 31'6%, aos 3 meses : 43'5% vs 5%, aos 6 meses: 22,9% vs 5'9%. Aínda así, existen dúas limitacións que poderían invalidar

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco

este estudo, como son o pequeno tamaño mostral e a non aleatorización dos grupos.

<b>de Almeida H<sup>22</sup></b>	
Tipo de estudo	Estudo observacional prospectivo.
Tipo de recém nado	Baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva.
Tipo de método canguro	Non especifica.
Nº de participantes	36 participantes: 20 grupo MC-16 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	82'6% grupo MC vs 0% grupo coidado tradicional.
Mantemento LM	Ás 40 semanas de idade xestacional: 73'9% vs 31'6%, aos 3 meses : 43'5% vs 5%, aos 6 meses: 22,9% vs 5'9% (estadísticamente non significativo).
Outros resultados	-
<b>Nivel evidencia</b>	4
<b>Grao de recomendación</b>	C

O estudo de **Flacking R Et al.**<sup>(23)</sup> analiza a 300 neonatos prematuros e moi prematuros, desde o 1º ata o 6º mes de idade correxida para determinar se a aplicación do MC inflúe na duración da LM e no tipo de LM. Os resultados indican que o grupo de prematuros ten unha maior taxa de LM e de LM exclusiva que o grupo de neonatos moi prematuros. No grupo de neonatos prematuros as taxas de LM exclusiva son, ao 1º mes dun 71%, ao 3º mes dun 44% e dun 2% ao 6º mes; mentras que no grupo de moi prematuros, son de 51%, 34% e 1%, respectivamente. Observouse ademáis unha asociación (aínda que non significativa) entre a duración do MC ca taxa de LM.

<b>Flacking R<sup>23</sup></b>	
Tipo de estudo	Estudo observacional prospectivo.
Tipo de recém nado	Prematuros e moi prematuros.
Tipo de LM	Exclusiva, mixta.
Tipo de método canguro	Intermitente, de curta duración.
Nº de participantes	300 participantes: 103 moi prematuros, 197 prematuros.
Prevalencia LM	-
Mantemento LM	Moi prematuros: a 1 mes de idade correxida 74%, aos 3 meses de idade correxida 62% e aos 6 meses de idade correxida 43%. Prematuros: 87%, 76% e 58%, respectivamente.
Outros resultados	Hai relación, aínda que non significativa, entre a duración do MC e a taxa de prevalencia da LM.
<b>Nivel evidencia</b>	2B
<b>Grao de recomendación</b>	B

O estudo de **Gathwala G et al<sup>24</sup>** divide a 100 neonatos de baixo peso en dous grupos, un que se lle aplica o MC e outro o método de coidado tradicional para analizar se o MC axuda a mellorar o crecemento físico (peso, lonxitude, perímetro cefálico), se favorece a LM exclusiva e a aceptación do MC por parte das nais e da enfermería. Os resultados indican que ao comezo tódolos neonatos, de ambos grupos, son amamantados; sen embargo, aos 3 meses un 88% do grupo MC recibe LM exclusiva fronte a un 72% do grupo que recibe coidados tradicionais. Ademáis obsérvase un aumento no grupo do MC da ganancia diaria con respecto ao peso, a lonxitude e o perímetro cefálico. Existe boa aceptación do MC tanto polas nais como pola enfermería.

<b>Gathwala G<sup>24</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva.
Tipo de método canguro	Intermitente.
Nº de participantes	100 participantes: 50 grupo MC-50 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	100% en ambos grupos.
Mantemento LM	Aos 3 meses: 88% grupo MC-72% grupo coidado tradicional.
Outros resultados	O MC favorece o aumento diario de peso, de lonxitude e do perímetro cefálico.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grao de recomendación</b>	A

O estudo de **Hake-Brooks SJ<sup>25</sup>** analizou os efectos do MC sobre as taxas de lactancia materna e sobre a súa duración en dous grupos de nenos prematuros, uns que reciben MC e outros os coidados tradicionais. Como novidade con respecto a outros estudos citar que estes autores definiron de maneira máis clara a LM, establecendo unha clasificación desta mediante o porcentaxe de leite materna que se lle daba aos recém nados. Desta forma mideuse esta LM ao alta, aos 1'5, 3, 6, 12 e 18 meses. Os resultados demostran que ao alta a taxa de LM exclusiva (100% de leite materna) foi superior no grupo MC que no grupo de coidado tradicional (69'4% vs 53'3%) e tamén foi superior ao 1'5, 3 e 6 meses; aos 12 e 18 meses non houbo ningún neno en ambos grupos que recibira LM exclusiva. Ademáis no grupo MC a lactancia materna foi de maior duración que no grupo de coidado tradicional: 5'08 meses (0-18 meses) vs 2'15 meses (0-7 meses).

<b>Hake-Brooks SJ<sup>25</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Prematuros.
Tipo de LM	Clasificación IBS (Index of Breastfeeding Status).
Tipo de método canguro	-
Nº de participantes	66 participantes: 36 grupo MC- 30 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	LME: 69'4% vs 53'3% o alta.
Mantemento LM	A 1'5, 3, 6, 12, 18 meses a tasa de LME é maior no grupo MC que no grupo de coidado tradicional.
Outros resultados	A duración da LM: 5'08 meses vs 2'15 meses.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grao de recomendación</b>	A

**Kadam S<sup>26</sup>** levou a cabo un estudo en 2005 no que dividiua 89 neonatos de baixo peso en dous grupos, un ao que se lle aplica MC e outro os coidados tradicionais para analizar a factibilidade e aceptabilidade do MC. Aos dous grupos de nais se lles anima a dar o peito aos seus fillos. Os resultados demostran que no grupo do MC existe unha redución significativa dos episodios de hipotermia, mellora da saturación de osíxeno e diminución da frecuencia respiratoria. Non existen resultados significativos en canto aos parámetros de crecemento e ao inicio da LM, aínda que se pode observar un inicio máis temprano da LM no grupo MC. Ademais un 86% das nais aceptan o MC e un 73% o levaría a cabo no domicilio.

<b>Kadam S<sup>26</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Baixo peso.
Tipo de LM	Non especifica.
Tipo de método canguro	Intermitente.
Nº de participantes	89 participantes: 44 grupo MC-45 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	Non existen resultados significativos que asocien o MC cun maior inicio de LM. Tendencia non significativa a empezar antes a LM no grupo MC (4'7 días vs 5'6 días).
Mantemento LM	-
Outros resultados	Non existen diferencias significativas nos parámetros de crecemento, pero si existe unha diminución dos episodios de hipotermia, mellor saturación de osíxeno e diminución da frecuencia respiratoria nos neonatos incluídos no grupo MC.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grao de recomendación</b>	A

No 2001 **Ramanathan K<sup>27</sup>** analizou a influencia do efecto do MC en dous grupos de neonatos de moi baixo peso nas taxas de lactancia materna, na ganancia de peso e na duración da hospitalización. Os resultados demostran que despois da 1ª semana de vida a ganancia de peso foi significativamente maior no grupo MC (15'9 gr/día vs 10'6 gr/día) e que os neonatos incluídos no MC foron dados de alta 7'4 días antes que os do grupo que recibe os coidados tradicionais. A LM exclusiva mideuse ás 6 semanas e a taxa foi o dobre no grupo MC que no outro grupo (12/14 vs 6/14); ademais a aceptabilidade do método foi boa tanto nas nais como na enfermería.

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco

<b>Ramanathan K<sup>27</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Moi baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva.
Tipo de método canguro	Intermitente.
Nº de participantes	28 participantes: 14 grupo MC-14 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	-
Mantemento LM	Ás 6 semanas de seguimento, a tasa de LM exclusiva é o dobre no grupo MC que no outro grupo: 12/14 vs 6/14.
Outros resultados	Mellora a ganancia diaria de peso e diminúe o periodo de hospitalización.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grao de recomendación</b>	A

**Suman RP<sup>28</sup>** comparou o efecto do MC co coidado tradicional que se lle aplica a recém nados de baixo peso para analizar a súa influencia no crecemento físico, na morbilidade, na LM e na aceptación materna do MC. Síguense a estes neonatos ata a semana 40 de xestación. Os resultados demostran que os neonatos do grupo MC teñen unha ganancia dos parámetros de crecemento físico (peso, lonxitude e perímetro cefálico) máis altos que o grupo do coidado tradicional e uns episodios de morbilidade menores (hipotermia, hipoglucemia, apneas e sepsis). A tasa de LM é maior tamén nese grupo e a aceptación por parte das nais é boa.

<b>Suman RP<sup>28</sup></b>	
Tipo de estudo	Ensaio clínico aleatorizado.
Tipo de recém nado	Baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva.
Tipo de método canguro	Intermitente.
Nº de participantes	220 participantes: 108 grupo MC-112 grupo coidado tradicional.
Prevalencia LM	Non existen diferencias importantes entre os dous grupos ao do inicio da LM.
Mantemento LM	Ás 40 semanas de xestación a taxa de LM é 98% grupo MC vs 76% grupo coidado tradicional.
Outros resultados	Favorece o aumento de distintos parámetros de crecemento físicos e diminúe a morbilidade.
<b>Nivel evidencia</b>	1B
<b>Grao de recomendación</b>	A

**Torres J<sup>29</sup>** analizou un grupo de 66 recém nados de baixo peso que estaban incluídos nun Programa de MC ata a semana 40 de idade postconcepcional. Mideuse o crecemento físico, a LM, a morbilidade e a mortalidade. Obtívose un promedio dos seguintes datos: 1434 gramos de peso, 41 cm de talla, 28 cm de perímetro cefálico. Non houbo mortalidade, as consultas de urxencias foron maioritariamente por apneas e refluxo gastroesofáxico. En canto á LM: no inicio do estudo o 96% recibía LM mentras que na semana 40 esta porcentaxe diminúeu ao 93%. Polo tanto, considérase o MC como unha alternativa segura que proporciona un crecemento aecuado e unha alimentación inicial baseada no leite materno.



<b>Torres J<sup>29</sup></b>	
Tipo de estudo	Estudo observacional prospectivo.
Tipo de recém nado	Baixo peso.
Tipo de LM	Exclusiva, mixta.
Tipo de método canguro	Continuo.
Nº de participantes	66 participantes.
Prevalencia LM	Un 96% recibe LM: 67% LM exclusiva e 29% LM mixta.
Mantemento LM	Ás 40 semanas de xestación: 51% LM exclusiva e 42% LM mixta.
Outros resultados	Non houbo mortalidade. A máxima ganancia de peso douse na semana 36.
<b>Nivel evidencia</b>	2B
<b>Grao de recomendación</b>	B

## 8. DISCUSIÓN E CONCLUSIONES.

O obxectivo desta revisión era analizar se a implementación do MC promovía o inicio da LM e se tamén influía no seu mantemento a longo prazo, en recém nados de alto risco, como son os neonatos de baixo peso e prematuros.

En canto ao **inicio da LM** encontramos dous estudos que miden a prevalencia desta no momento da alta: un deles demostra cun nivel de evidencia 1B e un grao de recomendación A, que a taxa de LM é maior no grupo MC comparado co grupo que recibe coidados tradicionais<sup>25</sup> Ademais, encontramos nun estudo observacional prospectivo<sup>29</sup>, unha taxa moi alta de LM, tanto exclusiva como mixta, nun grupo de neonatos que recibiron o MC e unha tendencia (non significativa) a un inicio máis temprano da LM nos neonatos que recibiron MC, observado no ensaio clínico realizado por Kadam<sup>26</sup>, cun nivel de evidencia 1A e grao de recomendación A. Existe aínda así, o outro estudo que demostra que o MC non está asociado a un inicio de LM exitosa<sup>20</sup>, cun nivel de evidencia 1A e grao de recomendación A; sen embargo, este resultado pode ser debido a que nese estudo se analizou o MC en neonatos moi prematuros, co cal as nais podían sentirse máis inseguras a dar o peito ao ser un recém nado máis pequeno e fráxil todavía que un prematuro, como se pode observar no estudo de Flacking<sup>23</sup>, cun nivel de evidencia 2B e un grao de recomendación B, onde a taxa de LM, tanto exclusiva como mixta, é maior no grupo de prematuros que no de moi prematuros.

En canto ao **mantemento ou duración da LM** despois da alta hospitalaria, aínda que existan estudos<sup>(21,29)</sup> cun nivel de evidencia 2B e grao de recomendación B, onde se observa unha redución das taxas de LM nos neonatos que recibiron MC semanas despois da alta, diversos ensaios clínicos aleatorizados<sup>(24,27,28)</sup>, todos cun nivel de evidencia e recomendación maior que os estudos anteriores (1A e A, respectivamente), demostran que a implementación do MC favorece o

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco

aumento da duración da LM máis alá da alta, tanto da LM exclusiva como da mixta, chegando este beneficio arredor dos 6 meses, a partir dos cales as diferencias entre os grupos xa non son significativas.

Ademáis dos resultados sobre a LM, o MC tamén reporta distintos beneficios: un aumento nos parámetros de crecemento, como son aumento da ganancia diaria e semanal de peso, lonxitude e perímetro cefálico<sup>(20,24,27,28)</sup>; diminúe o tempo de hospitalización dos neonatos<sup>(20,27)</sup> aínda que exista unha tendencia xeral por parte das institucións e profesionais sanitarios a alargar o tempo de hospitalización na UCI neonatal<sup>21</sup>, sobre todo nos países desenvolvidos. O MC tamén diminúe os episodios de morbilidade por hipotermia, hipoglucemia, apneas, sepsis e mellora a saturación de osíxeno<sup>(26,28)</sup>.

Con respecto a **aceptación do MC** existe evidencia científica que determina unha boa aceptación, tanto por parte das nais como polos profesionais de Enfermería da UCI neonatal<sup>(24,27)</sup> e existe unha clara aceptación para prolongar o MC no domicilio<sup>26</sup>.

Sería recomendable que nos próximos estudos que se realizaran sobre o MC e a LM se utilizaran escalas ou clasificacións á hora de valorar o tipo de LM, como pode ser a Clasificación IBS (Index Breastfeeding Status)<sup>25</sup> para unha mellor comprensión e análise dos datos, debido a que na maioría dos estudos revisados non especificaban ningún criterio sobre o tipo de LM analizada.

En canto ao tipo de MC levado a cabo, nesta revisión encontramos que a maioría dos estudos implementan o método intermitente, encontrando só o estudo observacional de Torres<sup>29</sup> que o realiza co método continuo. Existen poucos estudos que realizen o MC de forma continua, polo que sería interesante elaborar futuros estudos con este método e comparar a súa eficacia con respecto ao MC intermitente.

RS: A influencia do MC sobre a LM en neonatos de alto risco

